

31 de MAIO- DÍA MUNDIAL SEN TABACO

O 31 de maio de cada ano, a Organización Mundial da Saúde (OMS) celebra o día Mundial sen Tabaco, co obxectivo de resaltar os riscos asociados ao tabaquismo; tanto para a saúde, como noutros ámbitos e avogar por políticas eficaces para reducir o seu consumo, sobre todo entre a xente máis nova.

Nesta liña, a OMS centra o **Día Mundial Sen Tabaco** deste ano 2025 en desvelar as tácticas que utiliza a industria do tabaco para facer que os seus produtos nocivos sexan máis atractivos, utilizando como lema:

“DESENMASCAREMOS O SEU ATRACTIVO: AS TÁCTICAS DA INDUSTRIA COS PRODUTOS DO TABACO E NICOTINA AO DESCUBERTO”

Con esta campaña, preténdese informar sobre as tácticas ás que recorre a industria tabaqueira para manipular o aspecto dos seus produtos e facelos máis atractivos, e animar aos gobernos para que adopten políticas que prohiban os aromas e aditivos que aumentan o atractivo dos produtos do tabaco (cigarros electrónicos), regular o seu deseño para que resulten menos atractivos, así como, prohibir a súa publicidade e promoción a través de plataformas dixitais. Perseguindo con elo, reducir a demanda dos produtos do tabaco e da nicotina (tabaco, cigarros electrónicos/vapers).

Seguindo as indicacións da OMS, dende o **Proxecto de prevención das condutas adictivas de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas**, sumámonos á prevención do tabaquismo a través da realización de Obradoiros de prevención do tabaquismo entre o alumnado de 6º EP e da ESO, e promovendo o abandono do consumo de tabaco entre todas as persoas fumadoras. Para iso, ponse á disposición dos e das fumadores/as materiais para facilitar o seu abandono e asesoramento psicolóxico gratuíto; ademais de recordar que, dende xaneiro de 2020, as persoas fumadoras dispoñen de varios tratamentos farmacolóxicos gratuítos para facilitar o abandono do seu consumo (consulta persoal atención primaria).

Asesoramento Psicolóxico para deixar de fumar:

986 59 59 22 / prevenciondrogodependencias@concellodecuntis.es

Finalmente, apélase á responsabilidade da poboación en xeral e, particularmente dos estancos e hostalería; recordando que está prohibida a venda, subministro e distribución de tabaco a menores de 18 anos (*Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, do subministro, do consumo e da publicidade dos produtos do tabaco*).